



PROPOSTA DE INICIO DE CONTRATACIÓN E MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CAMA PARA O GANDO DA GRANXA GAYOSO CASTRO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

EXPEDIENTE 2024/CON\_02/000052

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN : XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO
2. OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO:
  - 2.1 CÓDIGO E TÍTULO DO EXPEDIENTE
  - 2.2 OBXECTO
  - 2.3 ALCANCE
  - 2.4 XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES
  - 2.5 CLASIFICACIÓN CPV
  - 2.6 NATUREZA DO CONTRATO
    - 2.6.1 Tipo de contrato:
    - 2.6.2 O contrato está suxeito a regulación harmonizada: No
3. PROCEDEMENTO
4. PRAZOS DO CONTRATO:
  - 4.1 PRAZO E DURACIÓN DO CONTRATO (PRAZO TOTAL E PARCIAIS NO SEU CASO)
  - 4.2 PRÓRROGA DO CONTRATO
5. ORZAMENTO, VALOR ESTIMADO E PREZO DO CONTRATO
  - 5.1 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN ( ART 100.LCSP)
  - 5.2 VALOR ESTIMADO DO CONTRATO ( ART. 101.LCSP)
  - 5.3 PREZO DO CONTRATO
6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
7. MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS
8. OUTROS ASPECTOS DA CONTRATACIÓN

	IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU	Fecha y Hora	02/08/2024 13:52:54	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)			
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU</a>	Página	1/5	



## 1. INTRODUCCIÓN : XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO

### Antecedentes e consideracións técnicas.

As granxas de leite deben ser deseñadas para apoiar unha produción eficiente e un dos factores mais importantes á hora de considerar o deseño das instalacións é procurar confort as vacas de leite.

A área de descanso é unha das áreas mais importantes dunha explotación, xa que o descanso e o tempo adicado a éste condicionan a saúde e a produtividade das vacas de leite, sendo o comportamento de descanso un comportamento prioritario, sobre a alimentación ou as interaccións sociais, entre outros.

Nas estabulacións libres a área de descanso distribúese en filas de cubículos, que teñen xeralmente unha base de formigón á que se engade material da cama. Os cubículos profundos de area ou outros materiais soportan ambas funcións.

Deste xeito os cubículos aportan aos animais suficiente grao de confort, tal que estimula aos animais a acceder aos cubículos, permitenlles descansar sen producirlles lesións ou feridas e requiren o menor mantemento posible.

Tal é así que as instalacións con cubículos teñen evolucionado en relación á elección da superficie da cama e o material da cama a fin de aportar aos animais unha superficie confortable, limpa, seca, que permita aos animais descansar, limite a proliferación de organismos que poidan causar enfermidades (mamite, problemas podais, etc) e que minimize o traballo de mantemento dos cubículos.

A Granxa Provincial Gayoso Castro conta cunhas instalacións renovadas que acolle a Granxa Experimental de Leite Campus Terra , e na área de descanso conta con cubículos profundos, polo que resulta preciso aportar un material de cama tal que proporcione aos cubículos unha superficie limpa, seca e que aporte confort aos animais, que debe ser renovado de xeito regular, toda vez que diariamente se debe realizar o mantemento da mesma, retirar o material luxado ou mollado.

É por este motivo polo que a Deputación Provincial de Lugo dispón dun contrato para a subministración de material de cama para o gando da Granxa Gayoso Castro da Deputación Provincial de Lugo ( EXPEDIENTE 2021/CON\_02/000075) en vigor ata o 30/12/2024.

Se ben é preciso garantir a dita subministración de xeito ininterrompido tal que se garanta o aporte de material de cama necesario na zona de descanso das instalacións que acollen o gando da Granxa Gayoso Castro co obxectivo de procurar o mantemento da saúde e o benestar do gando de leite.

Por todo o anteriormente exposto é necesario e urxente iniciar a contratación para o subministro de material de cama para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.

## 2. OBXECTO E ALCANCE DO CONTRATO

### 2.1 CÓDIGO E TÍTULO DO EXPEDIENTE:

Expediente: 2024/CON\_02/000052: " Contratación para a subministración de material de cama para o gando da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo."

### 2.2 OBXECTO:

O obxecto do contrato é a subministración de material de cama para aportar aos cubículos da Granxa Experimental de Leite "Campus Terra" da Granxa Gayoso Castro propiedade da Deputación Provincial de Lugo.

	IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU	Fecha y Hora	02/08/2024 13:52:54	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)			
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)			
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU</a>	Página	2/5	



### 2.3 ALCANCE:

O detalle relativo as prestacións obxecto da contratación quedan definidas no Prego de prescricións técnicas do presente contrato.

### 2.4 XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES

Non procede a división en lotes pola natureza do obxecto contractual que non permite a súa división sen prexudicar o resultado final dos traballos.

### 2.5 CLASIFICACIÓN CPV

CPV : 03417100-7 Serrín

24313300-4 Carbonatos

### 2.6 NATUREZA DO CONTRATO

#### 2.6.1 Tipo de contrato:

O contrato queda tipificado coma un contrato de subministro segundo o disposto no artigo 16 da LCSP.

#### 2.6.2 O contrato está suxeito a regulación harmonizada: No

## 3. PROCEDEMENTO

Visto o seu obxecto e contía, o contrato adjudicarase mediante procedemento aberto simplificado sumario.

## 4. PRAZOS DO CONTRATO

### 4.1 PRAZO E DURACIÓN DO CONTRATO:

O prazo de duración será de 1 ano dende a súa formalización. Estimase que o contrato iniciará o 1 de xaneiro de 2025.

### 4.2 PRÓRROGA DO CONTRATO:

O contrato será prorrogable por anualidades, ate un máximo de unha (1) prórroga. (1+1).

## 5. ORZAMENTO, VALOR ESTIMADO E PREZO DO CONTRATO

### 5.1 ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN ( ART 100.LCSP)

Para adecuar o cálculo do orzamento base de licitación neste contrato, para a fixación dos prezos tómake como referencia as cantidades que se veñen satisfacendo por prestacións análogas na Granxa sendo prezos de mercado.

O Orzamento Base de Licitación (OBL) calculado segundo a duración inicial do contrato (1 ano) é por 29.000,00 € máis o IVE (10%), que ascende a 2.900,00 €. Polo tanto, o orzamento base de licitación é por 31.900,00 € (IVE engadido).

A desagregación é a seguinte:

	IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU	Fecha y Hora	02/08/2024 13:52:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)		
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU</a>	Página	3/5





ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (OBL)				
CONCEPTO	PREZO/ TONELADA	ORZAMENTO ( Sen IVE)	IVE (10%)	ORZAMENTO (IVE Engadido)
Subministro de 325Tn material para a cama dos cubículos da Granxa Gayoso Castro  (70% carbonato cálcico /25% serrín /5% cascarilla de arroz)	80,00 €/Tn.	26.000,00 €	2.600,00 €	28.600,00 €
Subministro de 30 Tn material para a cama da área de cría de xovencas da Granxa Gayoso Castro  (20% carbonato cálcico /80% serrín )	100,00 €/Tn.	3.000,00 €	300,00 €	3.300,00 €
<b>TOTAL OBS</b>		<b>29.000,00 €</b>	<b>2.900,00 €</b>	<b>31.900,00 €</b>

## 5.2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (ART. 101. LCSP):

O valor estimado do contrato (VEC) é de 58.000,00€ (IVE non incluído). Para o seu cálculo tivéronse en conta as posibles prórrogas do prazo de duración do contrato.

## 5.3. PREZO DO CONTRATO.

O prezo do contrato quedará determinado conforme aos prezos unitarios de adjudicación, en función das necesidades de xestión da explotación.

## 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN


En relación aos criterios de adjudicación, dende a unidade xestora, propónse como criterio único, para a selección a oferta máis vantaxosa, expresada en porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios por tonelada (Prezo/Tn.). A porcentaxe de desconto ofertada aplicarase sobre ambos os dous conceptos contemplados nas subministracións obxecto do contrato. As ofertas rexistraranse por orde de prelación da máis a menos vantaxosa, considerando que non resulta posible variar as características do subministro nin resulta preciso así mesmo variar os prazos de entrega do mesmo.

## 7. OUTRAS CONSIDERACIÓNS. ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN.

A subministración do material para a cama do gando vacún realizarase nas instalacións da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante entregas parciais periódicas durante a vixencia do contrato, a demanda das necesidades estipuladas polo persoal responsable da Granxa.

A adjudicataria informará de forma previa do momento no que se vai a proceder a realizar a devandita subministración e deberá dispoñer así mesmo dos medios necesarios materiais e humanos para proceder á descarga do subministro e a súa incorporación as camas do gando e/ou a súa almacenaxe nas instalacións da Granxa Provincial.

	IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU	Fecha y Hora	02/08/2024 13:52:54
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)		
Firmado por	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU</a>	Página	4/5





O prazo de entrega dende que se emite o aviso da necesidade do subministro será de 48 horas e a cantidade a fornecer será a que indique o persoal responsable da Granxa coa frecuencia que en función das necesidades determine.

## 8. OUTROS ASPECTOS DA CONTRATACIÓN

### Responsable de cada contrato:

O responsable do contrato será a Directora da Granxa Provincial Gayoso Castro ou quen desenvolva as súas funcións ou persoa que o substitúa.

### Vogais da mesa de contratación:

Titular: D. Manuel Doval Arza, Veterinario da Granxa Gayoso Castro.

Suplente: D. Gonzalo Rodríguez Ferreiro, Coordinador Xefe da Granxa Gayoso Castro

**Outros aspectos:** Véxanse Pregos e demais documentación técnica que rexen a contratación.

Na data da sinatura dixital

A Directora da Granxa Gayoso Castro:

Sonia Verdes Gil

CONFORME:

O Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles

Francisco Cajoto Caserío

	IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU	<b>Fecha y Hora</b>	02/08/2024 13:52:54
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	FRANCISCO CAJOTO CASERIO (DEPUTADO/A)		
<b>Firmado por</b>	SONIA VERDES GIL (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UQEBKJQBNTKRT43UCAXRTIU</a>	<b>Página</b>	5/5

